

Concello de Moeche



A Coruña

RELACION DE ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DA CORPORACION DO CONCELLO DE MOECHE NA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DIA 13 DE MAIO DE DOUS MIL ONCE

1. .- PROCEDIMIENTO MONITORIO 97/2011

O Pleno da Corporación por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Persoarse no Procedemento monitorio 97/2001 instruído polo Xulgado de 1ª instancia e Instrución de Ortigueira mediante escrito firmado por abogado e procurador no que se manifestan as causas de oposición o mesmo. Por entender que, o feito de presentar, de maneira fraccionada a factura do traballo de elaboración do *proxecto de mellora do mercado comarcal de Moeche*, constitúen un intento de evadir a actividade fiscalizadora dos servizos municipais, evitando a presentación do perceptivo reparo por prescindir total e absolutamente do procedemento establecido o efecto para a contratación, mediante procedemento negociado dos contratos de consultoría e asistencia técnica.

SEGUNDO.- Iniciar os trámites oportunos para proceder a determinar se das actuacións realizadas con motivo dos feitos reseñados na parte espositiva do presente acordo pode deducirse a existencia de responsabilidades patrimoniais polos danos e perxucios que poideran ter sido ocasionados a este Concello de Moeche, e, de ser ese o caso, proceder a iniciar o correspondente expediente de responsabilidade patrimonial .

TERCEIRO.- Facultar o Sr. Alcalde, para a adopción de todos os acordos e medidas necesarios para a efectividade do presente acordo